Folla de ruta para concellos inclusivos

#POLODANOCEREBRAL

Demandas para garantir a inclusión, a igualdade de oportunidades e a mellora da calidade de vida das persoas con dano cerebral adquirido (DCA) e das súas familias.

dano cerebral GALICIA

Autoría e edición: Dano Cerebral Galicia

Maquetaxe: Dano Cerebral Galicia

Primeira Edición: xuño de 2026

Depósito legal: C 1168-2026

Impresión: Dano Cerebral Galicia

Dano Cerebral Galicia

Federación Galega de Dano Cerebral

www.danocerebralgalicia.org

info@danocerebralgalicia.org

Tel.: 881943148

Esta publicación alíñase cos Obxectivos de Desenvoivemento Sostible (ODS).

Permítese a descarga e partilla deste documento, respectando os termos da licenza: citación de fontes, ausencia de lucro e partillas nas mesmas condicións.

AENOR
GESTIÓN DE LA CALIDAD
ISO 9001

ÍNDICE

03 INTRODUCCIÓN

04 ACCESIBILIDADE UNIVERSAL

07 MOBILIDADE E TRANSPORTE

10 SERVIZOS SOCIAIS

13 EMPREGO E INCLUSIÓN LABORAL

16 CULTURA E OCIO

19 PARTICIPACIÓN E GOBERNANZA

22 CONCLUSIÓNS

INTRODUCCIÓN



O **dano cerebral adquirido (DCA)** constitúe unha das principais causas de discapacidade adquirida na idade adulta, xerando necesidades de apoio que afectan non só ás persoas que o adquiren, senón tamén ás súas familias e contornas de convivencia. A súa realidade require respostas coordinadas que favorezan a autonomía persoal, a participación social e a igualdade de oportunidades.

Os concellos, como administración máis próxima á cidadanía, desempeñan un papel fundamental na construción de comunidades inclusivas, accesibles e comprometidas cos dereitos das persoas. As políticas municipais teñen un impacto directo na vida diaria das persoas con DCA en ámbitos tan relevantes como a accesibilidade, a mobilidade, os servizos sociais, a participación comunitaria, a cultura ou o emprego.

Desde o movemento asociativo do dano cerebral adquirido propoñemos este documento como unha folla de ruta para avanzar cara a concellos máis inclusivos, capaces de dar resposta ás necesidades reais das persoas con DCA e das súas familias. As medidas recollidas neste documento parten das competencias municipais e formulan propostas concretas, viables e orientadas a garantir a plena inclusión, a vida independente e o exercicio efectivo dos dereitos destas persoas.

O compromiso coa inclusión das persoas con dano cerebral adquirido non pode depender do lugar de residencia. Por iso, facemos un chamamento aos grupos políticos municipais para incorporar estas propostas aos seus programas e accións de goberno, contribuíndo, así, á construción dunha sociedade máis accesible, igualitaria e cohesionada.

> ***Os dereitos non poden depender do código postal: compromiso local para unha inclusión real.***

Con *accesibilidade universal* hai cidadanía plena



01

Accesibilidade universal

A accesibilidade universal constitúe un requisito indispensable para garantir a igualdade de oportunidades, a participación social e o exercicio efectivo dos dereitos das persoas con dano cerebral adquirido (DCA). Os concellos deben asumir un papel activo na **construción de contornos inclusivos**, incorporando a accesibilidade como un principio transversal en todas as políticas municipais.

Para iso, resulta necesario impulsar **plans municipais de accesibilidade** universal, dotados de recursos económicos suficientes, mecanismos de seguimento e avaliación e unha planificación temporal definida. Estes plans deberán abordar de forma integral a accesibilidade física, cognitiva e sensorial, garantindo a eliminación de barreiras no espazo público, a comprensión da información e o acceso aos servizos municipais por parte de toda a cidadanía.

A **participación das persoas con DCA** e das súas entidades representativas debe estar presente na diagnose, deseño, execución e avaliación das políticas de accesibilidade, asegurando que as actuacións respondan ás necesidades reais da poboación.

Así mesmo, é necesario promover **programas de formación continua** en accesibilidade universal dirixidos ao persoal municipal, reforzar a avaliación periódica mediante auditorías de accesibilidade, e desenvolver campañas de sensibilización que contribúan a crear unha cultura inclusiva e respectuosa coa diversidade.

Os concellos tamén deben **favorecer a accesibilidade** no tecido empresarial e comercial local mediante servizos de asesoramento, incentivos e medidas de apoio que impulsen a adaptación de espazos, produtos e servizos.

Finalmente, as administracións locais deben garantir que as **vivendas públicas** da súa titularidade cumpran os principios de accesibilidade universal, favorecendo a autonomía persoal e a inclusión plena das persoas con discapacidade.

Accesibilidade universal



Compromisos

Desenvolver **plans municipais de accesibilidade universal** que aborden a accesibilidade física, cognitiva e sensorial.

Garantir a **participación das persoas con DCA** nas políticas municipais de accesibilidade.

Impulsar a **formación do persoal** municipal en accesibilidade universal e comunicación accesible.

Realizar **auditorías periódicas** para avaliar e mellorar a accesibilidade dos espazos e servizos municipais.

Desenvolver **accións de sensibilización cidadá** sobre a importancia da accesibilidade.

Apoiar ao tecido empresarial e comercial na implantación de medidas de accesibilidade universal.

Garantir a **accesibilidade das vivendas públicas** de titularidade municipal.

A mobilidade é un dereito: con acceso hai inclusión



02

Mobilidade e transporte

A mobilidade constitúe un elemento esencial para **garantir a autonomía persoal, a participación social e o acceso efectivo aos dereitos** das persoas con dano cerebral adquirido (DCA). A imposibilidade de desprazarse de forma autónoma, segura e accesible pode converterse nunha barreira que limita o acceso ao emprego, á educación, aos recursos sociosanitarios, á cultura, ao lecer e á participación na vida comunitaria.

Para moitas persoas con DCA, a mobilidade vese condicionada polas secuelas físicas, cognitivas ou sensoriais derivadas da lesión cerebral, o que incrementa a dependencia de **sistemas de transporte accesibles e adaptados**. Ademais, a adquisición dunha discapacidade adoita levar aparellada unha diminución dos ingresos e un aumento dos gastos asociados aos apoios necesarios para a vida diaria, facendo especialmente relevante a adopción de medidas que garantan un acceso equitativo ao transporte.

Os concellos, como administracións responsables da planificación urbana e da xestión de boa parte dos servizos de mobilidade, teñen a capacidade e a responsabilidade de **eliminar barreiras**, mellorar a accesibilidade dos desprazamentos e asegurar que ningunha persoa quede excluída dos recursos e servizos públicos por razóns de mobilidade.

Esta realidade resulta especialmente significativa no **ámbito rural,** onde a dispersión xeográfica e a escaseza de alternativas de transporte incrementan o risco de illamento e dificultan o acceso a servizos básicos, recursos comunitarios e oportunidades de participación social.

Garantir unha **mobilidade inclusiva** non só implica dispoñer de transporte adaptado, senón tamén asegurar que as persoas poidan acceder en condicións de igualdade aos recursos públicos, aos servizos de atención diúrna, aos espazos de participación e ao conxunto de oportunidades que ofrece a comunidade.

Mobilidade e transporte



Compromisos

Garantir un **transporte público accesible** e adaptado ás persoas con discapacidade, con información comprensible e paradas flexibles.

Establecer sistemas de **bonificación ou gratuídade no transporte** urbano para persoas con discapacidade.

Mellorar a mobilidade e o **acceso aos servizos no rural,** reducindo desigualdades e favorecendo a conexión cos recursos comunitarios.

Reforzar o **transporte adaptado e de proximidade**, incluíndo servizos municipais de taxi adaptado.

Garantir o **acceso aos recursos públicos** e prazas de atención diúrna con transporte accesible e, cando sexa necesario, de balde.

Incorporar a **accesibilidade universal** en todos os plans municipais de mobilidade.

Garantir **prazas de estacionamento reservadas** suficientes e adaptadas para persoas con mobilidade reducida.

Coidados en comunidade: proximidade e dereitos

03

Servizos sociais

As persoas con dano cerebral adquirido (DCA) e as súas familias precisan dunha rede de apoios próxima, coordinada e centrada nas necesidades de cada persoa. Os concellos, como administración máis próxima á cidadanía, desempeñan un papel fundamental na promoción da autonomía persoal, da vida independente e da inclusión social, favorecendo que as persoas poidan desenvolver os seus **proxectos de vida no seu contorno habitual.**

O dano cerebral adquirido adoita provocar cambios significativos na vida das persoas afectadas e das súas familias, xerando necesidades de apoio que poden prolongarse no tempo e afectar a múltiples ámbitos da vida diaria. A resposta a estas necesidades require unha intervención coordinada, flexible e adaptada á realidade de cada persoa, que vaia máis alá da atención asistencial e promova a **participación activa na comunidade.**

Neste contexto, os **servizos sociais municipais** constitúen unha peza clave para detectar situacións de vulnerabilidade, facilitar o acceso aos recursos e acompañar ás persoas nos seus procesos de recuperación, inclusión e desenvolvemento persoal. Para iso, resulta imprescindible reforzar a coordinación entre os sistemas social, sanitario, educativo e comunitario, garantindo unha atención integral e continuada ao longo de toda a vida.

As políticas municipais deben avanzar cara a **modelos de atención centrados na persoa**, baseados no respecto ás preferencias individuais, na promoción da autonomía e na provisión dos apoios necesarios para que cada persoa poida exercer os seus dereitos e participar plenamente na vida comunitaria. Isto implica impulsar **recursos de proximidade**, apoiar ás familias e persoas coidadoras, facilitar o acceso á vivenda e aos produtos de apoio, e promover alternativas que favorezan a vida independente e eviten situacións de institucionalización non desexada.

Do mesmo xeito, o tecido asociativo desempeña un papel esencial na atención, acompañamento e defensa dos dereitos das persoas con DCA, polo que resulta necesario consolidar marcos estables de **colaboración entre as administracións locais e as entidades sociais**, aproveitando o seu coñecemento e experiencia para construír respostas máis eficaces.

Servizos Sociais



Compromisos

Reforzar os servizos sociais municipais, incorporando **formación e especialización** en dano cerebral adquirido e discapacidade.

Impulsar a **coordinación entre os servizos sociais, sanitarios e comunitarios** para garantir unha atención integral e continuada.

Promover **programas de apoio ás familias** e atención comunitaria que eviten situacións de illamento ou sobrecarga.

Impulsar un **modelo de atención centrado na persoa** que promova autonomía, vida independente e participación social.

Potenciar a **colaboración co movemento asociativo** como axente clave na atención, acompañamento e defensa dos dereitos.

Crear **bancos de produtos de apoio** que faciliten o acceso a axudas técnicas e tecnoloxías de apoio.

Facilitar o **acceso a vivenda pública accesible** e promover contornas residenciais que favorezan a autonomía e a inclusión.

O emprego tamén se constrúe dende o público



04

Emprego e inclusión laboral

O acceso ao emprego constitúe un dos principais factores de inclusión social, autonomía persoal e participación na comunidade. Traballar non só proporciona ingresos económicos, senón que favorece a independencia, o desenvolvemento persoal, a creación de relacións sociais e o exercicio pleno da cidadanía.

Porén, as persoas con dano cerebral adquirido (DCA) continúan atopando importantes **barreiras para acceder e manter un posto de traballo**. As secuelas físicas, cognitivas, sensoriais ou condutuais derivadas da lesión cerebral, xunto coa falta de adaptación dos contornos laborais e a persistencia de prexuízos sobre as capacidades das persoas con discapacidade, limitan significativamente as súas oportunidades de emprego. Esta situación contribúe a incrementar o risco de exclusión social, dependencia económica e perda de participación na vida comunitaria.

Os concellos, como administracións públicas e axentes dinamizadores do territorio, teñen a capacidade de **promover oportunidades laborais inclusivas a través das súas políticas de emprego**, contratación pública e desenvolvemento local. A incorporación de criterios sociais nos contratos públicos, a colaboración co tecido asociativo e educativo e o impulso de programas específicos de inserción laboral permiten avanzar cara a mercados de traballo máis diversos, accesibles e inclusivos.

Neste sentido, a **contratación pública** debe ser entendida como unha ferramenta de transformación social, capaz de xerar oportunidades reais para as persoas con discapacidade e de promover un modelo de desenvolvemento local baseado na igualdade de oportunidades e na inclusión. As administracións locais deben liderar este cambio, actuando como referentes na creación de contornos laborais accesibles e no cumprimento efectivo dos dereitos das persoas con discapacidade.

Promover o **emprego inclusivo** non é só unha medida de política social, senón unha aposta polo talento, a diversidade e a participación activa das persoas con DCA na construción dunha sociedade máis xusta, cohesionada e igualitaria.

Emprego e inclusión laboral

Compromisos

Incorporar **cláusulas sociais** na contratación pública para favorecer a inclusión das persoas con discapacidade.

Promover convenios con entidades sociais e centros educativos para facilitar **prácticas e experiencias laborais** na administración.

Fomentar a contratación de **centros especiais de emprego de iniciativa social** e entidades con programas de inclusión sociolaboral.

Impulsar **programas municipais de emprego inclusivo** adaptados ás capacidades e necesidades das persoas con DCA.

Garantir a **igualdade de oportunidades no acceso ao emprego,** aos servizos e aos programas públicos.

Garantir e facer cumprir a **reserva legal de prazas** para persoas con discapacidade no emprego público municipal.

Promover **campañas de sensibilización e colaboración** empresarial para favorecer a contratación inclusiva.

Con *participación* hai inclusión: cultura e ocio



05

Cultura e ocio

A **participación na vida cultural, deportiva e social** é un dereito fundamental e unha condición esencial para a inclusión, o benestar e a calidade de vida das persoas con dano cerebral adquirido (DCA). A plena cidadanía implica poder participar activamente na vida da comunidade, acceder á oferta cultural e de lecer e formar parte dos espazos de encontro e convivencia dos municipios.

Porén, as persoas con DCA continúan atopando múltiples barreiras que dificultan a súa participación. As limitacións de accesibilidade física, cognitiva ou sensorial, a falta de adaptación das actividades, as dificultades de mobilidade ou os obstáculos económicos seguen condicionando a súa presenza na vida comunitaria. A isto súmase o descoñecemento social sobre a realidade do dano cerebral adquirido e a persistencia de estereotipos que limitan a visibilidade e o recoñecemento deste colectivo.

Os concellos teñen un papel fundamental na promoción dunha **cultura inclusiva e accesible**, garantindo que as actividades culturais, deportivas e de ocio poidan ser desfrutadas por todas as persoas en igualdade de condicións. A accesibilidade debe ser un requisito básico na planificación e desenvolvemento da programación municipal.

Así mesmo, as políticas locais deben favorecer **espazos de encontro, participación e convivencia** nos que as persoas con DCA poidan desenvolver os seus proxectos de vida, establecer relacións sociais significativas e participar activamente na comunidade. Para iso, resulta esencial impulsar accións de sensibilización e visibilización que contribúan a eliminar prexuízos, reforzar a imaxe social positiva da discapacidade e poñer en valor a contribución das persoas con dano cerebral adquirido á vida social e cultural dos municipios.

A participación social non debe entenderse unicamente como destinatarios de actividades, senón tamén como **protagonistas activos da vida comunitaria.**

Cultura e ocio



Compromisos

Garantir o **acceso á cultura, ao deporte e ao lecer** en condicións de igualdade, eliminando barreiras físicas, cognitivas e sensoriais.

Adaptar as actividades culturais, deportivas e de ocio ás necesidades das persoas con DCA, de forma accesible e inclusiva.

Promover unha **programación cultural e de ocio accesible e inclusiva** nos espazos municipais.

Establecer **bonificacións nos prezos** para persoas con discapacidade no acceso ás actividades culturais, deportivas e de lecer.

Fomentar a **participación activa** das persoas con DCA na vida comunitaria e nos espazos de participación cidadá.

Impulsar **campañas de sensibilización** e iniciativas que favorezan a visibilidade social das persoas con DCA.

Apoiar **proxectos e actividades inclusivas** que promovan a convivencia, a participación e a eliminación de estigmas.

Nada sobre nós sen nós: participación real

06

Participación e gobernanza

A inclusión das persoas con dano cerebral adquirido (DCA) require unha acción municipal planificada, transversal e participada. Non abonda con medidas illadas ou puntuais: é necesario **incorporar a perspectiva da discapacidade no conxunto das políticas locais**, desde o deseño ata a avaliación, garantindo que todas as áreas municipais asuman a súa responsabilidade na construción de concellos máis accesibles, inclusivos e comprometidos coa igualdade de oportunidades.

As persoas con DCA e as entidades que as representan deben ter un **papel activo na definición, seguimento e avaliación das políticas públicas**. A súa experiencia e coñecemento son fundamentais para identificar barreiras, propoñer solucións realistas e garantir que as actuacións municipais respondan ás necesidades reais das persoas. A participación efectiva non só mellora a calidade das políticas públicas, senón que reforza a transparencia, a corresponsabilidade e a confianza da cidadanía.

Para avanzar neste modelo, os concellos deben dotarse de **estruturas estables de participación, coordinación e seguimento**, así como de recursos económicos suficientes. A existencia dunha concellería con competencias en discapacidade, dunha comisión municipal específica e de plans locais de inclusión permitiría reforzar a coherencia das actuacións e asegurar unha resposta municipal máis eficaz, evitando que a discapacidade quede relegada a actuacións puntuais.

A inclusión das persoas con discapacidade debe concibirse como unha **política pública transversal** que impregne todas as actuacións municipais, desde o urbanismo ata a cultura, pasando polos servizos sociais, a mobilidade, o emprego ou a participación cidadá. Así, resulta imprescindible incorporar unha **perspectiva de xénero** que permita abordar as situacións de discriminación múltiple que afectan ás mulleres con discapacidade.

A participación das persoas con discapacidade debe estenderse tamén á vida política e institucional, **promovendo a súa presenza nos espazos de decisión** e eliminando as barreiras que dificultan o exercicio pleno da representación pública. Só a través dunha participación real e efectiva será posible construír políticas máis útiles, inclusivas e centradas nas persoas.

Participación e gobernanza



Compromisos

Crear **órganos estables de participación** municipal, garantindo a representación das persoas con discapacidade e das súas entidades.

Crear unha **concellería de discapacidade** para coordinar as políticas municipais de inclusión, accesibilidade e igualdade.

Crear unha **Comisión Municipal de Discapacidade** como espazo estable de coordinación, participación e seguimento das políticas.

Promover a **participación política das persoas con discapacidade**, favorecendo a súa presenza en candidaturas e espazos de decisión.

Incorporar transversalmente a **perspectiva da discapacidade** en todas as políticas municipais, así como o enfoque de xénero.

Desenvolver **plans locais de inclusión** con obxectivos claros, indicadores de seguimento e dotación orzamentaria vinculante.

Garantir **orzamentos específicos, suficientes e identificables** para políticas de inclusión, accesibilidade e apoio á discapacidade.

CONCLUSIÓNS

As persoas con dano cerebral adquirido (DCA) teñen dereito a vivir, participar e desenvolver os seus proxectos de vida en igualdade de oportunidades, independentemente do concello no que residan. Garantir estes dereitos require compromiso político, planificación e recursos, pero tamén a vontade de construír comunidades máis accesibles, inclusivas e respectuosas coa diversidade.

Este documento recolle unha proposta de mínimos para avanzar cara a concellos que sitúen ás persoas no centro das políticas públicas, incorporando a accesibilidade, a inclusión e a participación como principios transversais da acción municipal.

A incorporación destas medidas aos programas electorais e ás futuras accións de goberno permitirá mellorar a calidade de vida das persoas con DCA e das súas familias, reforzar a cohesión social e construír municipios máis xustos, accesibles e preparados para responder ás necesidades da cidadanía.

Desde o movemento asociativo do dano cerebral adquirido tendemos a man aos grupos políticos municipais para abrir un diálogo construtivo que permita transformar estas propostas en accións concretas, avaliables e sostibles no tempo.

Porque unha sociedade inclusiva constrúese desde o local.

Porque a accesibilidade non é un privilexio, é un dereito.

Porque sen participación non hai cidadanía plena.

Porque #PoloDanoCerebral é tamén apostar por concellos mellores para todas as persoas.

dano cerebral
GALICIA

Federación Galega de Dano Cerebral

Rúa Galeras 17, 2º, oficina 5

15705 Santiago de Compostela

881 943 148

@danocerebralgalicia

www.danocerebralgalicia.org

Alento asociación de dano cerebral

dano cerebral ADACECO A CORUÑA

dano cerebral LUGO

dano cerebral SANTIAGO DE COMPOSTELA

DCA OURENSE Asociación Dano Cerebral Adquirido